2. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade urbana na E.P. 2202 Baiona-Loureira, no P.Q. 0+400, mediante a execución de muro de contención e ampliación de beirarrúa (Concello de Baiona)" á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L., (CIF B36239861) de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado99.140,62 €



IVE (21%)20.819,53 €

Importe Total 119.960,15 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L., (CIF B36239861) figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 421) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, solvencia e a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social , a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

3. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L., mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:

a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:

-1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares.

- 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.

- 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares

b) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 4.957,03 €

5. *Apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración dunha infraestrutura de almacenamento de alta capacidade*



para a Deputación de Pontevedra no marco do PRTR compoñente 11, inversión 3 da Orde Ter/836/2022. Liña 4. (Expte.- 2023062421).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno, do día 17/11/2023 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, *do subministro dunha infraestrutura de almacenamento de alta capacidade para a Deputación de Pontevedra, no marco do PRTR componente 11, inversión 3 e da ORDE TER/836/2022 LIÑA 4 Next generation EU.*

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 17/11/2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

- Internacional periféricos y memorias España SLU (B-62758602)
- Ozona tecnologías de la Información S.L. (B-15834872)

6. Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración dunha infraestrutura de almacenamento de alta capacidade para a Deputación de Pontevedra no marco do PRTR compoñente 11, inversión 3 da Orde Ter/836/2022. Liña 4. (Expte.- 2023062421).



A Mesa de Contratación na reunión do día 11/12/2023 procedeu a efectuar a apertura dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, sendo as empresas admitidas as seguintes:

- Internacional periféricos y memorias España SLU (B-62758602)
- Ozona tecnologías de la Información S.L. (B-15834872)

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante a súa clave persoal, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descrición e descarga da documentación dos sobres “B” correspondente aos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor das empresas admitidas.

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos sobre “B” que presentan as empresas admitidas, ao persoal técnico do Servizo de Novas Tecnoloxías, para que procedan a avaliar e ponderar as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

7. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres “B” correspondente aos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do deseño e lanzamento de campañas de comunicación en soportes dixitais do proxecto “Da túa man” (RURAL II) presentado á convocatoria 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU. (Expte.- 2023062421).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial número 2023008409 de data 08/11/2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo de deseño e lanzamento de campañas de comunicación en soportes dixitais do proxecto “Da túa man” (rural II) presentado á convocatoria 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 09/11/2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.



A Mesa de Contratación na sesión do día 30 de novembro do 2023 procedeu a apertura do sobre “A”, correspondentes á documentación administrativa, sendo a empresa admitida a seguinte:

- ROI DIGITAL BUSINESS S.L. (B-27808666).

A Mesa de Contratación, na mesma sesión do día 30 de novembro do 2023, procedeu á apertura do sobre “B”, correspondente á documentación avaliable mediante criterios que dependen dun xuízo de valor, e acordou remitir dita documentación ao persoal técnico do servizo de Promoción de Emprego, para que procederan a avaliar e ponderar as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

Os técnicos do servizo de Promoción de Emprego, con data 04/12/2023, emitiron informe de valoración da documentación técnica presentada pola empresa licitadora admitida (CSV: Q9HZIE9PM5KJ6NUP), co seguinte resultado:

| Empresas licitadoras | 1. Proposta estratéxica do plan de medios Puntuación máxima: 20 puntos | | | TOTAL |
|----------------------------|---|--------------------------------|---|-------|
| | Estratexia (ata 7 puntos) | Optimización (ata 7 puntos) | Fontes de información (ata 6 puntos) | |
| ROI DIGITAL BUSINESS, S.L. | 7 | 7 | 6 | 20 |

| Empresas licitadoras | 2. Proposta de plan de medios Puntuación máxima: 22 puntos | | | TOTAL |
|----------------------------|---|-----------------------------|---------------------------------|-------|
| | Xustificación (ata 8 puntos) | Cobertura (ata 7 puntos) | Periodicidade (ata 7 puntos) | |
| ROI DIGITAL BUSINESS, S.L. | 7 | 5 | 6 | 18 |

| Empresas Licitadoras | 1.- Proposta estratéxica do plan de medios (ata 20 puntos) | 2.- Proposta de plan de medios (ata 22 puntos) | Total (ata 42 puntos) |
|----------------------------|---|---|--------------------------|
| ROI DIGITAL BUSINESS, S.L. | 20 | 18 | 38 |

A Mesa de Contratación, en base ao informe emitido polos técnicos do Servizo de Promoción de Emprego con data 04/12/2023 (CSV: Q9HZIE9PM5KJ6NUP), acorda prestar conformidade ás puntuacións acadadas pola empresa admitida no



procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de “Deseño e lanzamento de campañas de comunicación en soportes dixitais do proxecto “Da túa man” (rural II) presentado á convocatoria 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.”.

8. Apertura electrónica dos sobres “C”, correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto convocado para a contratación do deseño e lanzamento de campañas de comunicación en soportes dixitais do proxecto “Da túa man” (RURAL II) presentado á convocatoria 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU. . (Expte.- 2023062421).

O Secretario informa aos asistentes da puntuación acadada pola empresa presentada e admitida no procedemento aberto convocado para contratación do deseño e lanzamento de campañas de comunicación en soportes dixitais do proxecto “Da túa man” (rural II) presentado á convocatoria 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, sendo a seguinte:

| EMPRESA | PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE B |
|--|-----------------------------|
| ROI DIGITAL BUSINESS S.L. (B-27808666) | 38 puntos |

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A continuación, o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación presentada no sobre “C” pola única empresa admitida, correspondente aos criterios de valoración automática, no procedemento aberto convocado para contratación do “Deseño e lanzamento de campañas de comunicación en soportes dixitais do proxecto “Da túa man” (rural II) presentado á convocatoria 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de



Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU” e que acadou unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliábeis mediante fórmulas (38 puntos sobre un máximo de 42 puntos).

O valores ofertados foron os seguintes:

ROI DIGITAL BUSINESS S.L. (B-27808666)

1. Prezo ofertado para xestión e coordinación:

| | |
|-------------------------|-------------|
| Importe sen o IVE: | 8.654,60 € |
| IVE (21 %): | 1.817,47 € |
| Importe total ofertado: | 10.472,07 € |

2. Importe do investimento en accións de comunicación e promoción:

| | |
|-------------------------|-------------|
| Importe sen o IVE: | 23.373,00 € |
| IVE (21 %): | 4.908,33 € |
| Importe total ofertado: | 28.281,33 € |

A Mesa de Contratación acorda facultar ao Secretario para que, de resultar algunha oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

9. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres “B”, correspondentes aos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión do Centro de Acollida ao Visitante no Castelo de Soutomaior. (Expte.- 2023060062).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno, do día 10/11/2023 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo de xestión do centro de acollida ao visitante no Castelo de Soutomaior. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 10/11/2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación na reunión do día 30/11/2023 procedeu a efectuar a apertura dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, sendo as empresas admitidas as seguintes:



- Espiral Xestión Cultural SL (NIF: B94054954)
- Xestión Cultural Aurea SL (NIF: B36394203)

A Mesa de Contratación na reunión do día 30/11/2023 tamén procedeu á apertura da documentación con criterios avaliados mediante xuízos de valor, dándolle traslado da mesma ó persoal técnico do Servizo de Turismo Rías Baixas, para que procederan a avaliar e ponderar as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

A Xefa do Servizo de Turismo Rías Baixas, D^a. Ruth González Reyes, con data 01/12/2023, emitiu informe de valoración da documentación técnica presentada polos licitadores (CSV: MK0IEESY625DQGM2), figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

| CRITERIOS DE VALORACIÓN | EMPRESAS | |
|--|--|--|
| | Espiral Xestión Cultural SL (NIF: B94054954) | Xestión Cultural Aurea SL (NIF: B36394203) |
| Criterios avaliados mediante un xuízo de valor | | |
| 1. Equipo de traballo, ata 12 puntos | 12,00 | 2,00 |
| 1.a) A organización do equipo de traballo para a posta en marcha das distintas actividades descritas nos pregos técnicos, ata un máximo de 6 puntos. | 6,00 | 1,00 |
| 1.b) A relación de medios persoais que a empresa destinará ao desenvolvemento do Servizo, ata un máximo de 6 puntos: | 6,00 | 1,00 |
| 1.b).i. Persoal técnico, ata un máximo de 3 puntos. | 3,00 | 0,00 |
| 1.b).ii Persoal de acompañamento, ata un máximo de 3 puntos. | 3,00 | 1,00 |
| 2. Accións de promoción e comercialización, ata 10 puntos | 9,00 | 1,00 |
| 3. Planificación do servizo, ata 10 puntos | 9,00 | 1,00 |
| 4. Produtos turísticos, ata 8 puntos. | 7,00 | 2,00 |
| PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE B | 37,00 | 6,00 |

A Mesa de Contratación, en base ó informe emitido pola Xefa do Servizo de Turismo Rías Baixas, con data 01/12/2023, acorda:

1. Prestar conformidade ás puntuacións acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de Xestión do centro de acollida ao visitante no Castelo de Soutomaior.
2. Propor ó órgano de contratación a exclusión da oferta presentada pola empresa *Xestión Cultural Aurea SL (NIF: B36394203)* ao non alcanzar a puntuación mínima do 50% (20 puntos) da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante xuízos de valor (Sobre "B"), tal como figura na cláusula 9.1 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares que rexen neste procedemento aberto.



10. Apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión do Centro de Acollda ao Visitante no Castelo de Soutomaior. (Expte.- 2023060062).

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas no procedemento aberto convocado para contratación do servizo de xestión do Centro de Acollda ao Visitante no Castelo de Soutomaior, e que son as seguintes:

| EMPRESAS | PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE B |
|--|--------------------------|
| Espiral Xestión Cultural SL (NIF: B94054954) | 37,00 |
| Xestión Cultural Aurea SL (NIF: B36394203) | 6,00 |

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descrición e descarga da documentación presentada nos sobres "C" correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto convocado para contratación do servizo de xestión do Centro de Acollda ao Visitante no Castelo de Soutomaior e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas (20 puntos).

Non se procede a efectuar a apertura da oferta presentada pola empresa Xestión Cultural Aurea SL (NIF: B36394203) por non ter alcanzado a puntuación mínima.

O valores ofertados foron os seguintes:

Espiral Xestión Cultural SL (NIF: B94054954)

Prezo ofertado:

| Importe sen o IVE | IVE (21 %) | Importe total ofertado |
|-------------------|-------------|------------------------|
| 162.000,00 € | 34.020,00 € | 196.020,00 € |

Outros criterios automáticos:

| Idiomas ofertados | Acredita idioma Francés | Acredita idioma Portugués | Acredita idioma Alemán |
|-------------------|-------------------------|---------------------------|------------------------|
| Persoa guía 1 | SÍ | SÍ | |



| | | | |
|--|----|----|-------------|
| Persoa guía 2 | SÍ | SÍ | |
| Persoa guía 3 | | SÍ | |
| Experiencia en xestión e control de estándares de calidade | | | SÍ NON |
| A empresa oferta unha persoa unha segunda persoa destinada á atención ao público visitante, control de accesos e venda de entradas, produtos e artigos de venda e outras tarefas inherentes á prestación do servizo conte con experiencia en xestión e control de estándares de calidade marcados polo SICTED e/ou a Q de calidade | | | SÍ |
| Visitas semanais ofertadas | | | Nº visitas |
| Visitas semanais a maiores que oferta a empresa | | | 3 |
| Visitas semanais en linguaxe de signos que oferta a empresa | | | 3 |

A Mesa de Contratación acorda facultar ao Secretario para que, de resultar algunha oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

11. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres “B”, correspondentes aos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación da implantación dunha plataforma de videoactas e retransmisión de plenos dos concellos da provincia de Pontevedra no marco do PRTR compoñente 11 e da Orde TER/836/2022. Liña 2 (Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU). (Expte.- 2023060495).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 27 de outubro de 2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, trámite de urxencia, do contrato de *implantación dunha plataforma de videoactas e retransmisión de plenos dos concellos da provincia de Pontevedra no marco do PRTR compoñente 11, inversión 3, e da Orde TER/836/2022. Liña 2 (Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU).*

O anuncio de licitación publicouse no Diario Oficial da Unión Europea con data 7 de novembro de 2023, e no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 4 de novembro de 2023, xunto cos pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas.



A Mesa de Contratación, na reunión do día 23 de novembro de 2023, procedeu á apertura do sobre “A”, correspondente a documentación administrativa, resultando admitidas as seguintes empresas:

- Spica, S.L. (CIF: B36603363)
- Easyway Servicios Internet, S.L. (CIF: B87314787)
- Ambiser Innovaciones, S.L (CIF: B85355071)

A continuación, procedeu á apertura dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios que dependen dun xuízo de valor, e acordou remitir dita documentación ao persoal técnico do Servizo de Novas Tecnoloxías para a súa valoración.

Os técnicos do Servizo de Novas Tecnoloxías, con data 5 de decembro de 2023, emitiron o referido informe de valoración (CSV: HXNJMHN1UWD5Z4KN), co seguinte resultado:

| | Spica, S.L. (CIF: B36603363) | Easyway Servicios Internet (CIF: B87314787) | Ambiser Innovaciones, S.L (CIF: B85355071) |
|---|-------------------------------------|--|---|
| SOBRE B | | | |
| 1. Descripción detallada da solución (máximo 35 puntos) | 32,00 | EXCLUÍDA | EXCLUÍDA |
| a) <u>Subministro, instalación e posta en marcha do sistema de captación audiovisual</u> (máximo 13 puntos) | | EXCLUÍDA | EXCLUÍDA |
| i. Equipamento proposto, metodoloxía de instalación e posta en marcha da solución (máximo 8 puntos) | 8,00 | EXCLUÍDA | EXCLUÍDA |
| ii. Proposta de replanteo para os concellos (máximo 3 puntos) | 2,00 | EXCLUÍDA | EXCLUÍDA |
| iii. Metodoloxía de traballo (máximo 2 puntos) | 1,00 | EXCLUÍDA | EXCLUÍDA |
| b) <u>Implantación e posta en marcha da plataforma de videoactas e retransmisión de plenos</u> (máximo 22 puntos) | | EXCLUÍDA | EXCLUÍDA |
| i. Metodoloxía para o manexo das videoactas, streaming (máximo 9 puntos) | 9,00 | EXCLUÍDA | EXCLUÍDA |
| ii. Frontal web e repositorio de videoactas (máximo 9 puntos) | 8,00 | EXCLUÍDA | EXCLUÍDA |



| | | | |
|---|--------------|-----------------|-----------------|
| iii. Formación (máximo 3 puntos) | 3,00 | EXCLUÍDA | EXCLUÍDA |
| iv. Transferencia tecnolóxica e de coñecemento (máximo 1 punto) | 1,00 | EXCLUÍDA | EXCLUÍDA |
| 2. Xestión do proxecto (máximo 5 puntos) | 4,50 | EXCLUÍDA | EXCLUÍDA |
| a) Órganos de dirección (máximo 0,5 puntos) | 0,50 | EXCLUÍDA | EXCLUÍDA |
| b) Metodoloxía de seguimento (máximo 2 puntos) | 2,00 | EXCLUÍDA | EXCLUÍDA |
| c) Control de calidade (máximo 0,5 puntos) | 0,50 | EXCLUÍDA | EXCLUÍDA |
| d) Plan de traballo (máximo 1,5 puntos) | 1,00 | EXCLUÍDA | EXCLUÍDA |
| e) Entregables / Documentación (máximo 0,5 puntos) | 0,50 | EXCLUÍDA | EXCLUÍDA |
| TOTAL PUNTUACION B (Ata un máx. de 40 puntos) | 36,50 | EXCLUÍDA | EXCLUÍDA |

Quedan excluídas da valoración as empresas Ambiser Innovaciones, S.L e Easyway Servicios Internet, S.L. , polos seguintes motivos:

- A empresa AMBISER INNOVACIONES, S.L. presentou na súa oferta técnica información relacionada co sobre C, vulnerando así as condicións establecidas no prego de cláusulas administrativas na súa páxina 22, onde literalmente se transcribe: *“Na documentación que se presente no sobre B non se poderá incluír ningún dato que permita intuír a proposta presentada nos criterios avaliábles de xeito automático (sobre C). O incumprimento deste requisito implicará a exclusión do procedemento.”*

Na páxina 19 da oferta técnica a empresa ofrece cinco (5) unidades de debate, unha mais do mínimo exixido de catro (4). Sendo este un criterio avaliáble mediante fórmula no apartado 10.2 “Unidade de debate adicional” que se transcribe literalmente: *“Valorarase o incremento dunha unidade de debate adicional por enriba do mínimo exixido no PPT (establecido en 4 unidades)”*.

- A empresa EASYWAY SERVICIOS INTERNET, S.L incumpre tres diferentes circunstancias, a primeira e a segunda é que non respecta a estrutura de oferta exixida ao non axuntares o Anexo VIII: Táboa de acreditación de requirimentos funcionais e técnicos nin presenta unha estrutura de oferta coherente ca exixida, vulnerando así as condicións establecidas no prego de cláusulas administrativas



na súa páxina 22, onde literalmente se transcribe “*No caso de non seguir a estrutura ou o formato indicado, e que a forma de presentación dificulte ou provoque confusión á hora de localizar a documentación solicitada, imposibilite a comparación coas demais ofertas ou provoque vantaxes á empresa, e, polo tanto, non permita valorar a oferta de maneira clara e precisa, e respondendo o principio de igualdade na aplicación dos criterios de adxudicación, a mesa de contratación poderá excluír á mesma do proceso de licitación*”.

A terceira circunstancia é que presentou na súa oferta técnica información relacionada co sobre “C”, vulnerando así as condicións establecidas no prego de cláusulas administrativas na súa páxina 22, onde literalmente se transcribe: “*Na documentación que se presente no sobre B non se poderá incluír ningún dato que permita intuír a proposta presentada nos criterios avaliábles de xeito automático (sobre C). O incumprimento deste requisito implicará a exclusión do procedemento.*”

Na páxina 12 da oferta técnica a empresa ofrece cinco (5) unidades de debate, unha mais do mínimo exigido de catro (4). Indicando en letras maiúsculas (MEJORA DE 1 UNIDAD A LO SOLICITADO) Sendo este un criterio avaliáble mediante fórmula no apartado 10.2 “Unidade de debate adicional” que se transcribe literalmente: “*Valorarase o incremento dunha unidade de debate adicional por enriba do mínimo exigido no PPT (establecido en 4 unidades)*”.

A Mesa de Contratación acorda:

1. Prestar conformidade ao informe de valoración elaborado polos técnicos do servizo de Novas Tecnoloxías (CSV: HXNJMHN1UWD5Z4KN).
2. Excluír do procedemento de licitación ás empresas Ambiser Innovaciones, S.L. (CIF: B85355071) e Easyway Servicios Internet, S.L. (CIF: B87314787), polos motivos expostos, en base ao exposto no informe de valoración elaborado polos técnicos do servizo de Novas Tecnoloxías (CSV: HXNJMHN1UWD5Z4KN)
3. Outorgar ás empresas que resultan admitidas no procedemento aberto seguido para a contratación da *implantación dunha plataforma de videoactas e retransmisión de plenos dos concellos da provincia de Pontevedra no marco do PRTR compoñente 11 e da Orde TER/836/2022. Liña 2 (Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU)*, as puntuacións acadadas no referido informe, co seguinte resultado:

| Empresa | Puntuación sobre B |
|---------|--------------------|
|---------|--------------------|



| | |
|------------------------------|-------|
| Spica, S.L. (CIF: B36603363) | 36,50 |
|------------------------------|-------|

12. Apertura electrónica dos sobres C, correspondentes á proposta avaliable mediante criterios autoimáticos, do procedemento aberto convocado para a contratación da Implantación dunha plataforma de videoactas e retransmisión de plenos dos concellos da provincia de Pontevedra no marco do PRTR compoñente 11 e da Orde TER/836/2022. Liña 2 (Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU). (Expte.- 2023060495).

O Sr. Secretario da Mesa de Contratación informa das puntuacións acadadas no sobre “B”, correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, polas empresas que resultaron admitidas, respecto ao procedemento aberto convocado para a contratación da *implantación dunha plataforma de videoactas e retransmisión de plenos dos concellos da provincia de Pontevedra no marco do PRTR compoñente 11 e da Orde TER/836/2022. Liña 2 (Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU)*:

| Empresa | Puntuación sobre B |
|------------------------------|--------------------|
| Spica, S.L. (CIF: B36603363) | 36,50 |

Así mesmo, informa que a presentación de ofertas realizouse na plataforma de licitación electrónica Vortal, que xera, en cada procedemento de licitación, un certificado dixital, que se emprega para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Sr. Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descrición e descarga dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, presentados polas empresas admitidas que acadaron o 50% da puntuación máxima asinable na documentación avaliable mediante xuízos de valor (40,00 puntos).

O valores ofertados foron os seguintes:

Spica, S.L. (CIF: B36603363)

1. Prezo ofertado:

- Importe sen o IVE: 462.000,00 €
- IVE (21%): 97.020,00 €
- Importe total ofertado: 559.020,00 €



2. Unidade de debate adicional ofertada: SI

A Mesa de Contratación acorda facultar ao Secretario para que, de resultar algunha das ofertas en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións, en aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa, á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse, e dos informes técnicos que se considere necesario solicitar.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e dezoito minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

